



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECATRO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 06/2010

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
<u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:35 horas do día vintecatro de xuño de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
<u>CONCELLEIROS</u> D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D ^a Ana A. Incera Ares. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D ^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>SECRETARIA</u> D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	
<u>NON ASISTE</u> D. Xaime Cancio Rodríguez.	

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27-05-10.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 27 de maio de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- APLICACIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL DAS ADAPTACIÓNS RETRIBUTIVAS RECOLLIDAS NO REAL DECRETO LEI 8/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 17 de xuño de 2010, sobre as adaptacións retributivas recollidas no Real Decreto Lei 8/2010.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que o seu grupo xa expresou o seu descontento coas medidas de baixada dos soldos actuais, pero se o Decreto marca iso hai que facelo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG expresa que o seu grupo xa votou en contra desa medida inxusta, xa que non poden pagar a crise as clases asalariadas, polo que o seu voto vai a ser en contra, dado que o BNG cre que se deben aplicar outras medidas que fagan pagar a crise a quen es a provocaron a ás clases mais altas, non aos traballadores.

O Sr. Alcalde lle replica ao portavoz do BNG que é moi doado dicir iso, agora se trata de outro asunto que é decidir como se aplica. En Inglaterra se subiu o IVE un 20%, hai que ser responsable, se todos os grupos fixeran coma o BNG a xente non cobraría.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.– Retribucións dos empregados públicos municipais.

Con efectos de 1 de xuño de 2010, ás retribucións do persoal do Concello de Foz, aplicaráselles unha redución do cinco por cento, en termos anuais e en valor medio, respecto das vixentes a 31 de maio de 2010, nos termos establecidos nos apartados seguintes.

1. **Ámbito de aplicación.**

O previsto neste Acordo será de aplicación ao persoal funcionario e laboral do concello de Foz

2. **Persoal funcionario.**

As retribucións a percibir, con efectos 1 de xuño de 2010, polo persoal funcionario serán as seguintes:

2.1. As retribucións básicas, excluídas as pagas extraordinarias, en concepto de soldo e trienios que corresponden ao Grupo ou Subgrupo en que se atope clasificado o Corpo ou Escala a que pertenza o funcionario, referidas a doce mensualidades, serán as recollidas na táboa recollida no punto A do apartado Cinco do artigo 22 da Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, na redacción dada polo Real Decreto lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

2.2. Pagas extraordinarias:

- a) A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 incluírá, ademais da contía do complemento de destino vixente a 31 de maio de 2010, á que non se aplicará a redución do cinco por cento, as contías en concepto de soldo e trienios que se recollen no cadro do punto A do apartado Dous do artigo 22 da Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, na redacción dada polo Real Decreto lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O indicado no parágrafo anterior respecto do complemento de destino mensual ou concepto equivalente a incluír na paga extraordinaria do mes de xuño de 2010, será tamén aplicable aos demais conceptos retributivos que formen parte da paga extraordinaria ou que se abonen con motivo das mesmas

- b) A paga extraordinaria do mes de decembro de 2010 incluírá, ademais das contías do complemento de destino e das retribucións complementarias a que se refire o punto 2.3 vixentes a partir do 1 de xuño de 2010, as contías en concepto de soldo e trienios que se sinalan no cadro do número 3 do punto B do apartado Dous do artigo 22 da Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, na redacción dada polo Real Decreto lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. O resto dos complementos retributivos que integren a paga extraordinaria ou se abonen con motivo da mesma terán a contía que corresponda por aplicación do disposto no punto 2.3.

2.3. Retribucións complementarias:

O conxunto das retribucións complementarias experimentará unha redución do cinco por cento, en termos anuais, respecto das vixentes a 31 de maio de 2010, sen prexuízo das modificacións que se deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grado de consecución dos obxectivos fixados para o mesmo e do resultado individual da súa aplicación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as retribucións complementarias do Grupo E: Agrupacións profesionais da Lei 7/2007, terán unha redución persoal do un por cento.

De acordo co sinalado no parágrafo primeiro, as contías das retribucións complementarias son as que seguen:

- a) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas contías referidas a doce mensualidades recollidas no cadro da letra c do punto A do artigo 28 da Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, na redacción dada polo Real Decreto lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.
- b) O complemento específico asignado a cada posto, así como as restantes retribucións complementarias de natureza análoga, experimentarán unha redución do cinco por cento, en termos anuais, respecto da contía vixente a 31 de maio de 2010.
- c) O complemento de produtividade que se asigne a cada traballador experimentará desde o 1 de xuño de 2010, unha redución do cinco por cento.
- d) As contías por unidade de tempo das gratificacións por servizos extraordinarios experimentarán unha redución do cinco por cento, desde o 1 de xuño de 2010.

2.4. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións de carácter análogo, así como as indemnizacións por razón do servizo, rexeranse pola súa normativa específica, sen que lles sexa de aplicación a redución do cinco por cento prevista no presente Acordo.

3. Persoal laboral.

3.1. A masa salarial do persoal laboral do Concello de Foz experimentará unha redución, como consecuencia da aplicación da minoración, do cinco por cento das contías de cada un dos conceptos retributivos que integran a nómina e que lle corresponda percibir a este tipo de persoal, segundo as



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

normas convencionais de aplicación.

3.2. A paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 será dun importe equivalente a unha mensualidade das retribucións ordinarias vixentes a 31 de maio de 2010.

A paga extraordinaria do mes de decembro de 2010 será dun importe equivalente a unha mensualidade das retribucións ordinarias vixentes a 1 de xuño de 2010.

A estes efectos enténdese por retribucións ordinarias aquelas que tería o traballador sen que mediase ningunha circunstancia anormal (baixa por ILT, etc...)

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, dita redución non será de aplicación ao persoal laboral cuxas retribucións por xornada completa, ou de xeito proporcional á xornada efectiva, non alcancen 1,5 veces o salario mínimo interprofesional fixado polo Real Decreto 2030/2009, de 30 de decembro.

4. Cotizacións á Seguridade Social.

A base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos municipais será coincidente coa establecida para o mes de maio de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibiran puidera corresponder unha de maior contía, en cuxo caso será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

A efectos do previsto no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, no seu caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integran dita base sen ter sido obxecto de prorrateo.

Segundo.- Decláranse recursos afectados os derivados da aplicación das medidas de redución de custes de persoal marcados no punto anterior nos exercicios 2010 e 2011, que se destinarán, coa orde de preferencia no que están relacionados, ás seguintes finalidades:

1. A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación, cando este fora negativo.
2. A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
3. Ao financiamento de inversións.

Cando non resulten de aplicación os apartados a ou b, os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de inversións, se destinarán en sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos apartados a, b e c, coa mesma orde de prelación, ata a súa aplicación total.

Para cumprir esta esixencia realizaranse a través do órgano competente en cada caso as modificacións orzamentarias que sexan necesarias nos orzamentos correspondentes a cada exercicio.

Terceiro.- Este Acordo terá efectos desde o día da súa aprobación



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3.- MODIFICACIÓN RETRIBUCIÓN DE ALCALDÍA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 17 de xuño de 2010, sobre as retribucións de Alcaldía.

O portavoz do PP manifesta que a baixada debería ser algo mais, pero tal e coma está a proposta da FEMP e tendo en conta que xa está retido dende o ano 2008, o seu grupo votará a favor.

O Sr. González Basanta explica que o seu grupo vaise abster porque ao Sr. Alcalde se lle enche moito a boca falando de corresponsabilidade e resulta que hai unha proposta da FEMP de baixar o 7% e el se baixa un 3,7%.

O Sr. Alcalde di que el xa se adiantara.

Lle replica o portavoz do BNG que non se adiantara porque o de baixar u 7% está calculado en función dun baremo. Conclúe dicindo que se demostra que cando é o soldo de un non é o mesmo que o dos demais.

O Sr. Alcalde lle contesta que o seu salario non tiña porque baixar nada porque se lle fixou o salario no Concello en función do que gañaba en Alcoa e cobra menos que outros Alcaldes, ademais xa se lle conxelou no Pleno o 3% que lle correspondía, así que o xusto é o xusto.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.– Reducir nunha porcentaxe dun 3,7%, que supón o 7% proposto minorado no 3,3% xa compensado nos exercicios 2009 e 2010, o importe das retribucións que corresponden a esta Alcaldía polo desempeño das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, quedando estas fixadas polo tanto en 41.242,38 euros brutos anuais a percibir en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias. Esta redución farase efectiva na nómina do mes de xuño sen afectar como no caso do persoal municipal á paga extraordinaria deste mes, e este salario quedará conxelado para o ano 2011.

Segundo.– Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no taboleiro de anuncios da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

4.- MOCIÓN SOBRE A PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DA MARIÑA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 17 de xuño de 2010, sobre a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para explicar que iso xa está debatido, o seu grupo xa dixo que estaba de acordo co pedido.

O portavoz do PP manifesta que o 29 de xaneiro de 2009 o seu grupo presentou no Pleno unha moción e o PSOE se abstivo, quizais porque non a presentaba el. Aclara que iso está concedido, aparte do dito polo Presidente da Xunta, pola Conselleira e nas preguntas do Parlamento se puxo de manifesto que se trata dunha plataforma política. A continuación da lectura das preguntas e respostas que se realizaron no Parlamento de Galicia respecto ao tema. Pregunta a quen se lle deberá facer caso, se ao que di a plataforma ou ao que di o Presidente da Xunta e a Conselleira. Conclúe a súa intervención dicindo que non é lóxico que o PP vote a favor da plataforma.

O Sr. Alcalde lle contesta que ten un problema, que é que di o que lle mandan dicir, é triste que non apoiem á plataforma, que sae dos traballadores do hospital. Xa están mandando aos veciños a operarse a Lugo e iso supón un gasto tanto de viaxe coma de aloxamento, no caso de ter que pernoctar alí. Di que no Parlamento, o día anterior, o PP votou en contra de unha iniciativa do BNG e nin sequera se sentaron coa plataforma. Engade que circula un panfleto que insulta ao mariñano, xa que se di que se mercou unha ambulancia UVI móbil no Centro de Saúde de Foz dun millón de euros, e pregunta onde está. Ademais sinala que os traballadores do hospital lle están dicindo aos pacientes que defendan o hospital porque non lles vai a vir ninguén a defendelos. Continúa dicindo que o día da manifestación igual se levan unha sorpresa e son mais do que parece, xa que hai que defender o hospital, por se acaso. Lle pide ao portavoz do PP non coma político, senón coma veciño, que se sume ao resto da Corporación en defender o hospital e deixe de facer caso dos seus políticos. Conclúe dicindo que esa área de influencia pesa en toda Galicia e hai que ter un bo hospital porque a comarca ten entidade suficiente.

Intervén o portavoz do BNG para manifestar que creen que realmente o PP en vez de facer esta campaña en contra da mobilización debería de poñer mais servizos. Di que nalguna manifestación da Consellería xa se falaba de áreas integradas, e integrar significa meter unha cousa dentro de outra; a táctica é a política do PP de dismantelar servizos públicos, así se fixo en Madrid e en Valencia e é o que pretende Feijoo, que é da mesma escola. Exclama que non queren que para calquera proba haxa que ir a Lugo e pagar a noite alí. Conclúe a súa intervención dicindo que non hai mais que discutir, xa que as cousas están claras e se o PP non apoia iso é porque non está de acordo, espera que se poda parar iso.

A continuación o Sr. Fernández Manín le a proposta de ordenación da Consellería de sanidade de data 8 de outubro de 2008, na que se indica que a zona sanitaria da costa, na que desaparecería a área da Mariña, recalcando que non gobernaba o PP.

O Sr. Alcalde pregunta que cando se aprobou iso.

O portavoz do PP responde que era unha proposta e que non se chegou a aprobar porque non saíron nas eleccións.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde lle replica ao Sr. Fernández Manín que é un patriota do PP, e neste caso se trata de defender aos veciños. Recorda que moitas veces se dixo que o hospital estaba saturado, polo que hai que ampliálo. Por último lle di ao Sr. Fernández Manían que o seu grupo pon por diante as siglas, que non se centren neso.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que o PP de Foz estivo á altura e votou a favor do que se puxo.

O Sr. Alcalde di que coma non se responda antes do sábado se vai facer a manifestación, porque hai que deixar sentado de unha vez iso, o seu grupo vai a ir á manifestación e espera que sexan moitos.

O portavoz do BNG manifesta que non se pode andar argallando nos caixóns a ver que aparece; iso non se aprobou. Di que todo está politizado, si se entende a política coma un asunto público polo que hai que loitar, e dirixíndose ao portavoz do PP di que iso é diferente a ser partidario, coma el. Prosegue expresando que ninguén puxo ir contra o PP, senón que se poñen cousas defendibles e beneficiosas para todo o mundo, pero cando nos vexamos nunha situación na que haberá que ir a Lugo ou a A Coruña, xa falarán.

O Sr. Alcalde lle di ao portavoz do PP que eles enfrontan ás persoas. A continuación expresa que non sabe quen fixo o planfletto, ao cal lle da lectura.

Rematado o debate se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación defende e apoia:

1- Unha área de Xestión Integrada Única da Mariña.

2- Unha aposta firme e decidida por esta Comarca coa ampliación real do Hospital da Costa e número de camas, implantación da Unidade de Oncoloxía, ampliación de Hemodiálise, pleno funcionamento da Consulta Maior Ambulatoria, unha Resonancia Magnética fixa, a hospitalización a domicilio, a posta en funcionamento dos servizos de tarde, os aumentos do cadro de persoal e, por suposto, o reforzo e mantemento de tódolos servizos e unidades existentes, tanto de Atención Primaria como de Especializada.

3- Un xerente de Área Integrada Única de Burela e non un Xerente Executivo, que sería unha mera figura representativa.

4- Apoiar a manifestación convocada pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña e contra o desmantelamento do Hospital da Costa para o 26 de xuño, ás 12:00 horas.

5- Que do presente acordo se dea traslado ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Sanidade, así coma aos grupos políticos con representación na Cámara galega.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A continuación se introduce por vía de urgencia o seguinte punto da orde do día:

5.- OFERTA EDUCATIVA DO I.E.S. DE FOZ.

O Presidente explica que tras manter unha reunión con tódolos grupos políticos do Concello e estudar o escrito remitido polo I.E.S. de Foz, decidiron tomar un acordo en pleno pola vía de urgencia, dada a importancia do asunto.

A continuación se procede á votación da urgencia, resultando aprobada por unanimidade.

Se da conta da proposta que a Alcaldía somete ao Pleno, previo consenso cos grupos políticos.

Acto seguido o Sr. Alcalde lle pregunta ao portavoz do PP, a luz do publicado no periódico, que fixo mal.

O portavoz do PP lle responde que se acorda nunha reunión entre todos e despois sae que o PSOE acorda isto.

Intervén a Concelleira Da. Ana A. Incera, que explica que o que pasou foi que o partido sacou unha nota de prensa e o periódico debeu confundir todo.

Toma a palabra o Sr. González Basanta, que lle reprocha ao Sr. Fernández Manín que el é o que di que o PP focense solicitara unha prórroga no prazo de matrícula nos ciclos do IES de Foz.

O Sr. Alcalde explica a proposta.

A Sra. Incera di que dende que se tivo a reunión se fixeron mais recortes sen avisar, agora nocturno só o deixan semipresencial, polo que propón que no punto 1 se engada "e a oferta de educación de adultos".

Estando todos de acordo, se procede á votación do asunto cos cambios sinalados, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Educación:

Primeiro.- O mantemento da oferta de ciclos formativos do curso 2009-2010 no noso centro.

Segundo.- Que a concesión dun ciclo non dependa exclusivamente do número de alumnos matriculados nunca data determinada, senón que estea baseada nas necesidades educativas da zona en que o centro está ubicado.

Terceiro.- Que se deixen os ciclos de formación en seis alumnos como estaba anteriormente.

Cuarto.- Abrir un prazo extraordinario de matrícula que se fixe como data tope o 15-09-2010.

Quinto.- Solicitar unha entrevista co Conselleiro de Educación para tratar esta problemática.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

6.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 21 DE MAIO ATA O 14 DE XUÑO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 21 de maio ata o 14 de xuño de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP realiza os seguintes rogos:

- 1) En Nois, ao lado do cemiterio, había dous contenedores e roubaron un.
- 2) Acondicionar e repoñer o firme na subida da pista de San martiño.
- 3) Dada a información facilitada a algúns medios de comunicación sobre os danos do temporal, sería convinte remitir unha copia da valoración dos danos aos grupos políticos.

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

- 1) De cara ao verán, repoñer unha luz que está afundida.

O Sr. Alcalde di, respecto ás luces, que volveron a tirar as farolas en Illa Nova e se está investigando iso, ademais hai unha persoa que gravou iso e deu o vídeo aos Corpos e Forzas de Seguridade e parece ser que son rapaces moi novos os que fixeron iso. Fai un chamamento porque, explica, se van a tomar medidas. Di que tamén o teléfono que hai alí fronte a taberna o arrancaron de golpe.

O portavoz do BNG di que o seu grupo tamén manifesta publicamente esa preocupación e coma non se corte vai a ir a mais.

O Sr. Alcalde engade que son varios rapaces, e que tamén hai que meter mao aos locais, a ver a que hora pechan.

PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

- 1) No Pleno de 29 de maio de 2008 o PSOE presentou unha moción de urxencia na que se indicaba que se ía abrir unha oficina en Cangas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde responde que naquel momento o informe de secretaría aconsellou esperar a que se tramitase o PXOM.

2) As fontes de Cordido e a de Vilela non se repararon, ¿cando se ten pensado facelo?

O Sr. Alcalde explica que se revisaron todas as fontes, queda unha en Cordido pendente, pero a de Vilela ten moitos inconvenientes, se está mirando a ver que se pode facer.

3) ¿Ten coñecemento de cando vai a comezar a segunda fase de San Martiño-Ver?

O Sr. Alcalde contesta que hai un grave problema con esa estrada, xa que a obra é do POS 2007 e se fixo o proxecto onde non había terreo público, polo que a Deputación comezou a expropiar e moitos veciños recorreron ao xurado de expropiación, de maneira que se non autorizan a entrar nas fincas haberá que devolver o diñeiro a Europa; pero, por agora, ninguén dixo que non, se está traballando neso.

4) ¿Se adjudicou definitivamente o servizo de axuda a domicilio?

O Sr. Alcalde lle cede a palabra á Secretaria que di que o vindeiro luns se adjudicará definitivamente e no prazo de cinco días se asinará o contrato, xa que houbo que respetar os prazos legais entre a adjudicación provisional e a definitiva.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 50 minutos do día vintecatro de xuño de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.